- O/a traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara e pedirá cita telefónica co seu MAP.
- De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.



- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:
- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.
- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.
- As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

6.2- Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicación das incidencias á autoridade sanitaria e educativa, que serán as integrantes do equipo Covid.

O responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, a que ocupe a xefatura de estudos ou a un dos membros do Equipo Covid.

7-XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

7.1- Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.



De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para Covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS- CoV-2.

A persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio.

Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada por correo electrónico á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.

Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación *persoal centros* reflectindo no apartado *observacións* a casuística.

8-MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

8.1- Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.

Tal e como se establece no punto 11 do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, no noso centro educativo habilitaranse diferentes entradas e saídas para o alumnado das diferentes etapas educativas (Infantil, Primaria) distanciadas no tempo.

Co fin de evitar as aglomeracións, os tempos de espera e garantir a seguridade nas entradas e saídas, establécense unhas quendas e horarios. O éxito do bo funcionamento desta medida vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como polo profesorado.

HORARIOS DE ENTRADAS E SAÍDAS:

Educación infantil:

4ºA-5ºA-4ºB-5ºB (polo porche de infantil) e 6ºA-6ºB (pola entrada principal)

Entrada: 9:00h

Saída: 13:45h

Educación primaria:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

2ºB-1ºA- 2ºA-1ºB (polo torreón)

Entrada: 9:00h

Saída: 14:00h

3ºe 4º(porta principal)

Entrada: 8:55h (4ºB-3ºA-4ºA-3ºB)

Saída: 13:55h

5ºe 6º (polo torreón)

Entrada: 8:55 (6ºA-5ºB-6ºB-5ºA)

Saída: 13:55h

Organización das entradas:

Nas entradas e desde o primeiro día de clase e hasta que se comuniquen o contrario, os alumnos reuniranse cos seus titores nas zonas marcadas:

- Pista cuberta na parte dereita sinalizada (5º e 6º de primaria) ----- 8:55
- Pista cuberta na parte esquerda sinalizada(3º e 4º de primaria)-----8:55
- Porche de Peteiro na zona sinalizada (1º e 2 de primaria) -----9:00
- Entrada principal ,porta da esquerda (6º de infantil)-----9:00
- Porche de atrás con portas diferenciadas (4º e 5º de Infantil) -----9:00
- Infantil, 1º, 2º,3º e 4º de primaria poden entrar cun acompañante por neno/a, os deixarán no punto de recollida.
- 5º e 6º de primaria entrarán sós desde a porta principal do recinto, seguindo o camiño marcado e acudirán cada un a súa fila.
- alumnado de 4º e 5º de infantil terá un acceso diferenciado para cada nivel empregando as portas do porche de infantil (portas do patio de atrás) e para 6º de infantil se empregará a porta esquerda da entrada principal. Haberá zonas diferenciadas para cada unha das aulas. As portas abriranse ás 9:00h para que o alumnado se vaia incorporando de xeito progresivo e no exterior estarán marcadas as diferentes zonas para que as familias dos diferentes niveis de infantil poidan ter distancia social entre elas.
- alumnado de quinto e sexto de primaria accederá pola porta do torreón, subindo as escaleiras e accedendo directamente á zona de aulas do terceiro ciclo. A hora de entrada para este alumnado será as 8:55h deixando esta marxe para evitar aglomeracións na entrada. Dende o acceso ao edificio até as 9:00h o alumnado permanecerá na súa aula comezando as rutinas de limpeza de mans e colocación do propio material.
- alumnado de terceiro e cuarto empregará a porta principal para entrar no edificio e empregará as escaleiras do corredor para ir á zona de aulas do segundo ciclo, terceiro pola dereita e cuarto pola esquerda. Dende as 8:55h xa poderán ir entrando, e dese xeito, irán realizando tamén as rutinas de limpeza de mans e colocación de material propio.



- alumnado de primeiro e segundo de primaria empregará a porta do torreón, igual que o alumnado de quinto e sexto, pero unha vez que estes rematen o seu período de tempo de acceso, é dicir, ás 9:00h. Irán directamente á zona de aulas do primeiro ciclo.

O alumnado que empregue o servizo de madrugadores irá para as súas aulas ás 8:55h acompañado polos monitores de comedor.

En todos os niveis educativos empregarán a parte dereita dos corredores e escaleiras, que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

O éxito do plan dependerá do cumprimento estrito dos horarios establecidos.

Organización das saídas:

Educación infantil:

- Ás 13:45h se colocarán na zona habilitada para cada aula. Sairán 4ºA-5ºA-6ºA-4ºB-5ºB-6ºB.
- Realízase a entrega ás familias, que esperarán no espazo marcado na zona de recollida
- Educación primaria:
- alumnado de 3º e 4º baixará pola escaleira da súa zona de aulas e continuará polo corredor principal (xa baleiro, pois infantil sae ás 13:45h) para facer a saída en orde polas portas da entrada principal.
- resto do alumnado de primaria sairá pola porta do torreón na seguinte orde:
- Sairán 5ºe 6º en fila, comezando por 6º A e rematando por 5ºA (as familias destes niveis esperarán fóra do recinto, maioritariamente teñen permiso para marchar sos para casa).
- Xa baleiro, sairán ás 14:00 os niveis de 1ºB-2ºA-1ºA-2ºB, irán en or para facer a entrega ás familias.

Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto. Informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal e social de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

Haberá un número suficiente de profesores para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, na medida do posible.

O profesorado especialista de Educación Infantil permitirá a entrada ao recinto escolar dos acompañantes coa máscara sempre que así o consideren por motivos afectivo-emocionais.

Fóra do suposto anterior, con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con



procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.

O centro establecerá horarios específicos que se publicarán na páxina web para a atención das familias por aspectos administrativos.

No recinto de secretaría só pode haber unha única persoa.

No caso de requirir atención por motivos educativos, establecerase unha cita, por mensaxería, Abalarmóbil ou Edixgal, non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.

Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a circulación pola dereita esquerda, segundo sexa o caso, de forma individual respectando a distancia de seguridade tal e como indica a cartelería pertinente.

Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo, o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado seguindo as quendas dos horarios establecidos.

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

8.2- Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo.

- Diferenciamos seis portas de acceso ao colexio:

1. Porta dereita da entrada principal, escaleiras da dereita (3º de primaria).
2. Porta central da entrada principal, escaleiras da esquerda (4º de primaria).
3. Porta da esquerda da porta principal (6º de infantil).
4. Porta da dereita do porche de atrás. (4º educación infantil).
5. Porta da esquerda do porche de atrás. (5º de infantil).
6. Porta do torreón (6º-5º-2º-1º de primaria).

Cada grupo entra e sae pola súa porta correspondente e en diferentes quendas.

Diferenciamos 2 portas de acceso e saída do recinto:

- 1- Portalón de entrada de coches e porta pequena de acceso peonil pola parte de abaixo do colexio.
- 2- Porta verde pola parte de arriba do colexio.



8.3- Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

O centro dispón de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirte sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do Covid-19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos está a información sobre hixiene individual.

As portas de acceso ó centro están sinalizadas cos grupos que teñen que acceder a elas, tamén con frechas pintadas no chan e os puntos de recollidas por cores e sinalizado o grupo, así como as normas de obrigado cumprimento como é o uso obrigatorio de máscara.

Dentro do recinto, están sinalizados os sentidos de circulación así como recordatorios de distancia de seguridade.

8.4- Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado.

- alumnado transportado chega ao centro ás 8:45, temos un equipo de garda de mestres/as que recolle a infantil e os acompañan as súas clases. Outro que recolle a 1º e 2º de primaria e os acompañan as súas filas correspondentes antes de que entre o resto do alumnado do colexio. Tamén vixilan que todo o alumnado transportado colóquese na súa fila esperando ao titor/a para entrar.
- A saída faise ás 13:45, o equipo de mestres/as de transporte vai a buscar a infantil, 1º e 2º e saen en fila mantendo a distancia de seguridade pola entrada principal para non interferir coa saída do resto do alumnado.

8.5- Asignacións do profesorado encargado da vixilancia

Entradas: 18 mestres/as

No lugar indicado para cada curso farase unha fila onde un mestre/a os acompañará ata a aula correspondente.

Saídas do centro: 18 mestres/as

Cada clase sairá co mestre titor/a ou especialista que lle corresponda á última hora.

Transporte:

- Entrada: 5 mestres/as
- Saída: 3 mestres/as



Recreo:

- Infantil: 6 mestres/as e cuidadora
- Primaria: 6 mestres/as e cuidadoras
- Galiñeiro: 1 mestre/a
- Horto: 1 mestre/a

9-MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

9.1-Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada. As medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente Plan.

O plan madrugadores, en principio, seguirá a funcionar organizado polo ANPA. O horario é dende as 7:30 a 9:00

O centro coordinará cos responsables do ANPA os espazos a empregar en función do número de usuarios de cada quenda. O espazo principal seguirá sendo o COMEDOR.

Normas:

- O alumnado deberá limpar as mans con hidroxel á entrada e a saída
- Lembrarase ao alumnado os protocolos de hixiene e contacto social
- Deberá manter os grupos estables de convivencia do centro, diferenciando zonas para cada un deles, (as mesmas que se empreguen para o comedor)
- Entre cada grupo deberá existir a maior distancia posible.
- Non se compartiran materiais de ningún tipo.
- Os encargados do plan vixiarán o fluxo aos aseos.
- O alumnado de madrugadores deberá esperar no Salón de actos a que entre o seu grupo clase e incorporarse a él.
- O persoal do plan madruga debe deixar todo recollido para facilitar as tarefas de limpeza e desinfección
- Rematado o servizo o persoal de limpeza realizará a limpeza e desinfección do espazo empregado
- Queda pendente para a reunión que terá lugar a principios de setembro na que se determinarán as medidas de seguridade para este servizo. Nese mesmo intre pasará a formar parte deste documento.

9.2-Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor. Deberán ser coordinadas co organizador do servizo.

A ANPA organizou a seguinte proposta de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva, que deberán cumprir os protocolos educativo e sanitario.

De luns a xoves de 16:00 a 18:00. As actividades son as seguintes:

Horario	luns	Martes	mércres	xoves	venres
16:00	EUREKA TEATRO PREPATINAJE DESEÑO DE SEU FRANCÉS RUGBY CAPOEIRA INGLÉS ESCAPE ROOM	COLORIN COLORADO BAILE XOGOS RITMICOS BAILE JUDO DISEÑO DE SEU BALONCESTO ESCOLA DE MAXIA	EUREKA TEATRO PREPATINAJE DESEÑO DE SEU FRANCÉS RUGBY CAPOEIRA INGLÉS ESCAPE ROOM	COLORIN COLORADO BAILE XOGOS RITMICOS BAILE JUDO DISEÑO DE SEU BALONCESTO ESCOLA DE MAXIA	PASIMISI MANS QUE FALA AJEDREZ ACENOS
17:00	MANITAS FRANCÉS INGLÉS TEATRO PREPATINAJE/PATINAJE ECO-ECO TEATRO PATINAJE	RECUNCHO VERDE JUDO BALONCESTO ABRACADABRA RECREATE FRANCÉS	MANITAS FRANCÉS INGLÉS TEATRO PREPATINAJE/PATINAJE ECO-ECO TEATRO PATINAJE	RECUNCHO VERDE JUDO BALONCESTO ABRACADABRA RECREATE FRANCÉS	PASIMISI GIMNASIA AJEDREZ

9.3-Determinacións para as xuntanzas de ANPAS e Consello Escolar.

As XUNTANZAS das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas. No caso da necesidade de facela de modo presencial, tería lugar na biblioteca, garantindo a distancia.

As reunións dos Consellos Escolares, polo seu número non elevado de persoas, celebráranse preferentemente de xeito presencial, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente, como a sala de profesores ou biblioteca.

No caso de que a evolución da covid non permita as reunións presenciais serían a través da plataforma oficial Cisco Webex.

9.4-Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias

As tutorías levaranse a cabo os luns de 17:00 h a 18:00 h, con cita previa empregando as canles habituais: Abalarmóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica. Podrán ser telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da tutoría do alumno/a e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- De ser precisa a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

As reunións de inicio de curso poderán ser virtuais cando un titor/a o considere necesario, empregando a aplicación Cisco Webex, ou presenciais respectando os protocolos e normativa establecida.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e outros sistemas (abalarMobil) cando proceda.

9.5-Normas para a realización de eventos.

- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas repecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.
- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realízalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas, e ás de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre.
- Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que conleven a mestura de alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases nas que non se poida manter a distancia mínima interpersoal. Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sempre que se poida ao aire libre e de acordo ás mesmas condicións que os seus homólogos no ámbito comunitario.



10-MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

10.1-Medidas de entrada e saída.

ENTRADA:

O alumnado transportado chega ao centro ás 8:45, temos un equipo de garda de mestres/as que recolle a infantil e os acompañan as súas clases. Outro que recolle a 1º e 2º de primaria e os acompañan as súas filas correspondentes antes de que entre o resto do alumnado do colexio. Tamén vixilan que todo o alumnado transportado colóquese na súa fila esperando ao titor/a para entrar.

SAÍDA:

A saída faise ás 13:45, o equipo de mestres/as de transporte vai a buscar a infantil, 1º e 2º e saen en fila mantendo a distancia de seguridade pola entrada principal para non interferir coa saída do resto do alumnado.

11-MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

11.1-Establecemento, de ser o caso, de quendas para o uso de comedor. Determinación dos lugares ocupados polos comensais. Priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro.

Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de

Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia.

O comedor escolar está xestionado pola ANPA, que deberá aportar o protocolo de uso do mesmo.

O curso pasado funcionou moi ben utilizando o comedor existente. Este curso teñen previsto 2 quendas:

1ª quenda infantil: 13:40

2ª quenda primaria: 14:00

Quedamos á espera do protocolo de comedor que pasará a formar parte deste documento.

11.2-Previsión sobre o persoal colaborador

O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.

Este curso serán 6 colaboradores/as + 1 coidadora.

11.3-Previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.

O comedor está xestionado pola ANPA e conta con servizo de catering JARDANAY.

12-MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

12.1- Realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (informática, música, inglés, relixión...) ximnacios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.

No caso destas aulas, extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

- Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.
- O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.
- En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de fruta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros e recálcase a importancia dunha axeitada ventilación dos espazos.



- Ao trasladarse de aula sairán de 1 en 1 e mantendo a distancia de seguridade, evitando a formación de aglomeracións. Se houbera un grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará mesas ou cadeiras.

Será responsabilidade individual das mestras e mestres que entran nas aulas a limpeza e desinfección dos equipos, postos de traballo e mobiliario conxunto con xel hidroalcohólico na entrada e na saída destas.

Isto implica que estas dependencias, ximnasios e aulas de relixión, deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que o resto. Deste xeito, terán a mesma dotación que o resto das aulas (dispensadores de xel, papeleiras e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.

Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica ao rematar cada grupo.

Para garantir que este tempo se cumpre, os Mestres especialistas irán a buscar ao alumnado á súa propia aula e realizarán alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.

12.2-Existirán determinacións específicas para a materia de educación física.

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros.

Cando se compartan materiais procurarase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos espazos pechados.

A hixiene de mans realizarase, polo menos, ao inciar e ao finalizar a clase e todas as veces que fose necesario.

12.3-Regularase o proceso de cambio de aula ou a visita á aula especial ou espazos de uso educativo.

Ao longo deste curso se contemplan as seguintes situacións de cambios de aula:

- Para ir ao ximnasio / pavillón.
- Para ir á aulas de Relixión católica e evanxélica .
- Asistencia a sesións de PT/AL/desdobres.

- Acudir aula de Música, Aula de Informática e/ou Aula Idiomas e plática.

Avisarase ao profesor/a para que finalice a clase 5 minutos antes e poda organizar a saída ordeada e paulatina do alumnado.

Cando un grupo deba cambiar de aula, farao en fila de un e a distancia de 1m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo pola parte dereita do corredor.

No caso da clase de EF, Música, Inglés (de ser o caso) e Relixión, para garantir que os espazos estean baleiros e ventilados, o alumnado esperará na súa aula a que o mestre especialista os vaia buscar

Se houberse outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e **o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.**

12.4-As persoas responsables da biblioteca establecerán unhas normas de uso acomodadas as xerais establecidas no protocolo.

A biblioteca poderá ser usada co afor xeral previsto para as bibliotecas públicas.

As medidas incluídas no presente protocolo son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.

Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren. Facilitarase toda esta información a través de carteis sobre medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos bibliotecarios. Debe ser clara e estará exposta na entrada da biblioteca, nas diferentes aulas, no PIB e no recuncho do primeiro andar.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS:

- Uso obrigatorio de máscara
- Hixienizar as mans con xel hidroalcohólico antes e despois da estancia na mesma. Haberá dous dispensadores, na entrada da mesma e na mesa do Equipo de Biblioteca.
- Contar con persoal de limpeza de xeito que poidamos reforzar a desinfección das instalacións e as superficies de traballo (a media mañá, ao mediodía e pola tarde).
- Dispensador de papel individual dentro da biblioteca
- Limpador desinfectante multiusos de pistola
- Mesa/carro con material e cartel explicativo para a desinfección por parte do profesorado e alumnado cando sexa necesario.
- Garantir a ventilación da biblioteca entre cada sesión e despois dos recreos.



- No caso de nenos que pertencen ao mesmo grupo de convivencia non fará falta manter a distancia de seguridade.
- Se son alumn@s de distintos grupos deberán manter a distancia de seguridade.
- As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Mampara de separación na mesa do Equipo de biblioteca con oco de 50 cm para poder facilitar o paso de material.
- A mesa da biblioteca só poderá ser usada por membros do Equipo, ao igual que o ordenador, teclado, rato, impresora...ou calquera outro material da zona do mostrador. Desinfectarase sempre antes da súa manipulación e o rematar.
- O material funxible non será de uso común, cada profesor terá que levar o propio consigo mesmo.
- Dous papeleiras: serán de 3 ocos, con tapa e de pedal (unha na entrada e outra dentro).
- As mesas e cadeiras estarán rotuladas marcando a distancia pertinente no caso de nenos que no sexan do mesmo grupo de convivencia.

PRÉSTAMO DE LIBROS

Neste curso o préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual.

Infantil

Os titores das diferentes aulas de infantil poderán realizar unha selección de 25 títulos para facer o préstamo dende as súas aulas xunto cunha listaxe para levar o rexistro individual. O préstamo pode ser para un trimestre para a aula, e para levar a casa de 15 días.

Primaria

Todas as clases de primaria poderán facer o préstamo dende a biblioteca durante a hora que teñan asignada. O farán cumprindo as normas xerais de hixiene.

Por medidas de hixiene non haberá libro de rexistro común, polo que habilitaremos unha cortiza na que cada clase terá o seu espazo cos folios necesarios para que poidan deixar rexistro dos libros que levan empréstados. Esta cortiza é de uso obrigado polo profesorado, non poderán acceder os alumnos/as.

Este curso haberá marcadores individuais e Equipo de Axudantes por parte do alumnado. Seguindo as medidas de seguridade.

No caso de que o grupo faga uso das mesas e cadeiras, ao rematar, deberán hixienizar os postos que empregaran con solución desinfectante que se atopará nunha mesa específica con carteleira explicativa. No caso de que o equipo de limpeza puidera facerse cargo, xa o farían eles.

Aquelas titoras que prefiran optar polo sistema de empréstimo dos cursos inferiores, como



infantil, tamén poderán facelo, pero sempre respectando os 15 días para a devolución ou renovación.

DEVOLUCIÓN E DESINFECCIÓN DO MATERIAL

Para poder cumprir coas medidas hixiénicas establecidas, os libros non poderán volver as baldas unha vez devoltos.

En infantil a devolución será ao finalizar o trimestre, deixando os fondos nunhas caixas específicas para cada aula.

En primaria, a devolución será aos 15 días no horario establecido igual que para empréstito. Habilitaremos un espazo para ubicar os fondos devoltos. Os alumnos devolverán os libros a unha caixa.

QUE SE PODE FACER NA BIBLIO POLA MAÑÁ

Préstamo e consulta de libros segundo o horario establecido para cada grupo – clase.

ACTIVIDADES

Os servizos e actividades colectivas (clubs de lectura, obradoiros, contacontos, charlas, etc.) faránse en grupos de convivencia.

No caso de que algún grupo queira facer algunha activade terá que avisar con antelación ao Equipo

De Biblioteca para poder levar a cabo as medidas preventivas oportunas.

USO DA BIBLIOTECA DURANTE O RECREO

Durante este curso non se empregará este espazo para o recreo.

12.5-Poderanse asignar grupos de aseos a alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro.

O alumnado empregará os aseos da zona que lle corresponda á súa aula.

O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

- O alumnado de cada aula irá ao aseos de un en un.
- Respectaranse os labores de limpeza e desinfección.
- Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans e información sobre o aforo e as normas de hixiene.
- Nos accesos aos baños haberá sinalización para determinar os puntos de espera.
- A dotación dos aseos debe ser:



- Dispensador de xabón de mans
- Dispensador de papel individual.
- Papeleira con bolsa con tapa e accionada por pedal.
- Na medida do posible manterase unha correcta ventilación dos aseos.

Para evitar aglomeracións en momentos de concentración, sería conveniente que o alumnado utilizara os aseos antes de saír ao recreo ou á volta. De ser imprescindible acudir aos aseos durante os recreos, pedirá permiso ao profesor/a de garda e vivía dos aseos.

13-MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

13.1-As determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos.

Realizarase unha quenda de merenda/lectura e una quenda de recreo:

- de 11:30h a 11:50h – Merenda/Lectura no patio e se chove na aula.
- de 11:50h a 12:20h – Recreo todo o colexio.

- Tanto o alumnado de infantil como o de primaria empregará as rutas e quendas de entrada e saída que utiliza para as entradas e saídas do colexio (menos 6º de EI que accederá a súa zona de recreo polo corredor central do colexio) , polo que volve ser moi importante cumprir estritamente cos horarios .

- **Crearanse 12 zonas** diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social:

1. Pista 1 frontal (espazo diante da entrada principal, metade da pista)-A1
2. Pista 2 frontal (metade da pista)-A2
3. Pista cuberta 1 (metade da pista)-B1
4. Pista cuberta 2 (metade da pista)-B2
5. Campo 1 (metade das pistas de herba)-C1
6. Campo 2 (metade das pistas de herba)-C2
7. Zona traseira (denominado “parque de infantil”)-F1
8. Zona traseira (denominado “parque de infantil”)-F2
9. Zona traseira (coñecido como zona do” porche de infantil”)-D1
- 10.Zona traseira (coñecido como zona da “árbore do galiñeiro”)-D2
- 11.Zona do areeiro – E1
- 12.Zona do areeiro -E2

En todas as zonas anteriormente citadas, agás D1 e D2, compartirán espazo dous grupos do mesmo nivel. Ese espazo está dividido á metade



para realizar as merendas sen contacto, e posteriormente si as normas sanitarias o permiten, interactuarán dous grupos do mesmo nivel, sempre con máscara. *Por exemplo, na zona A1 estarán o curso 3ºA e 3ºB. Sempre obrigatorio o uso de máscara.*

RECREO (11:50-12:20): cada grupo ten asignado o seu espazo no patio. Cada zona establecida divídese en dous para ter a posibilidade de estar grupos do mesmo nivel xuntos ou no caso que se precise estén separados, como é o caso nas merendas.

Os titores son os escargados de baixalos ao patio e subilos ás aulas.

Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula, usando máscara e poderán interactuar co seu grupo burbulla. Aumentarase a ventilación da aula, as xanelas permanecerán abertas durante todo o recreo.

13.2-Nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia. Existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable.

Para realizar as vixilancias e os grupos de convivencia estable, **o profesorado sempre que sexa posible soamente realizará gardas no nivel onde imparte docencia.** O profesorado especialista será asignado a un determinado nivel.

Estableceranse quendas de recreo e grupos de recreo con horario asignado ó profesorado para a súa atención e vixilancia.



14-MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

14.1-Incluiranse previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinación sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.

Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión. Por iso, para o alumnado de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

A dotación hixiénica mínima de aula de grupo debería ser:

- Dispensador de xel desinfectante hidroalcohólico.
- Dispensador de papel individual
- Limpador desinfectante multiusos de pistola para o seu uso por parte del profesorado.
- Papeleiras con bolsa con tapa accionadas por pedal.

A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados, no caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos e procurando a desinfección do material.

Conformando grupos estables de convivencia, na aula poderá traballarse mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos.

Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o



profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

A pesar de que en E. Infantil se formarán grupos de convivencia estable, estableceranse unha serie de pautas e variacións con respecto a cursos anteriores que permitan minimizar, na medida do posible, o risco de contaxio e propagación.

Uso de baños:

Os aseos en Infantil están dentro da aula, polo que é doado levar o control do alumnado que o vai a usar.

Realizarse a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

Uso de máscara:

Aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.

Será labor conxunto de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitalas, así como a maneira de gardalas no seu estoxo.

Material:

Material común: colocarse en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente aplicarase o produto viricida.

Aniversarios:

Este curso volveranse a celebrar os aniversarios no centro coas medidas de seguridade.

14.2-A maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo.

Incluirase unha previsión sobre o tempo de merenda.

Realizarse unha quenda de merenda/lectura de 11:30h a 11:50h no patio e se chove na aula.

MERENDA/LECTURA (11:30-11:50):no exterior e nas zonas establecidas do patio. A distribución do alumnado no espazo farase do mesmo xeito que están colocados na aula e sempre mirando ao fronte. Deste xeito evitamos que haxa máis posibilidades de contactos.



Dende o equipo de Mestres/as que están formados en “Patios dinámicos” saldrán propostas de xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, que permitan cumprir coa normativa sanitaria.

Tamén solicitarase colaboración e propostas ó profesorado de EF.

15-MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE AULAS DE INFORMÁTICA

15.1-Nas previsións de uso destes espazos.

Todas as aulas dispoñen dun ordenador, ben de sobremesa, ben portátil, que será empregado unicamente polo mestre/a que estea a impartir clase nesa aula e debidamente desinfectado polo mestre/a seguinte.

Armario de Edixgal (para o alumnado de 5º e 6º de EP):

-Procedemento para o emprego dos ordenadores, manipulará o armario soamente o profesor.

Ordenadores de aula:

-Todas as aulas de 1º a 6º de primaria dispoñen de equipos informáticos para uso do alumnado.

-Corresponde ao profesorado organizar as quendas de uso e garantir a limpeza do rato e teclado despois do seu emprego.

Aula de Informática, de plástica, idiomas:

-Cada alumno debe desinfectar as mans antes de sentarse no seu posto.

- Corresponde ao profesorado organizar as quendas de uso e garantir a limpeza despois do seu emprego. Cando un grupo acuda á sala de informática, deberá hixienizar os equipos que vaia a usar.

16-NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

16.1-O equipo Covid, en colaboración co departamento de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No



caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

- Nos casos nos que o alumnado non leve máscara e non se poida manter a distancia interpersonal, poderíase indicar o uso por parte do profesorado de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira, en función da avaliación do risco de cada caso por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

